

ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA PARA O TRASPASO DA XESTIÓN DO BONO SOCIAL TÉRMICO

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona María Francisca Gómez Santos, secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Doutra parte:

Don José Ramón Pardo Cabarcos, secretario Xeral Técnico da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Economía e Industria, de acordo co establecido no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que á Consellería de Política Social e Igualdade lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social e inclusión social.

SEGUNDO.- Que á Consellería de Economía e Industria lle corresponden, entre outras, as competencias en planificación enerxética, incluíndo a ordenación e fomento no relativo á enerxía, ás infraestruturas enerxéticas e á eficiencia enerxética.



TERCEIRO.- Que O Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, creou un programa de concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en persoas consumidoras vulnerables, no que respecta á enerxía destinada á calefacción, auga quente sanitaria ou cociña, denominado Bono Social Térmico, que se financia con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

A axuda a conceder ten como finalidade compensar gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuación de aforro ou melloras da eficiencia enerxética aos consumidores vulnerables, e en cada exercicio serán persoas beneficiarias aquelas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade a 31 de decembro do ano anterior.

CUARTO.- Que en virtude da Sentenza 134/2020, do 23 de setembro de 2020, do Tribunal Constitucional, que estima parcialmente o recurso de inconstitucionalidade número 4178-2019, interposto polo Goberno Vasco en relación a diversos preceptos do referido Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, entendendo que non pode ter consideración de lexislación básica do Estado tendo en conta que as axudas enmárcanse dentro da asistencia social, que é competencia exclusiva das CC.AA.

QUINTO.- Que de conformidade co exposto, a xestión e o pago das axudas, que en 2019 (primeiro ano no que estivo vixente a axuda) foron pagadas directamente polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, pasou a corresponderlle ás comunidades autónomas e ás cidades con estatuto de autonomía.

As axudas correspondentes ao Bono social térmico 2020 foron xestionadas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

Posteriormente, en base á distribución competencial vixente na Xunta de Galicia, considerouse que a xestión das axudas correspondentes a 2021 e 2022 debían ser xestionadas pola Consellería de Política Social, en base á súa competencia en materia de benestar e inclusión social.

SEXTO.- Que o decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, atribúe a este departamento, no seu artigo 32, letra k), “a xestión e tramitación das axudas sociais no ámbito enerxético dirixidas a paliar a pobreza enerxética de determinados consumidores”.

En base a esta disposición, a xestión do bono social térmico atribúese á Consellería de Economía e Industria dende a data de entrada en vigor do decreto 140/2024.

SÉTIMO.- Que o obxecto do presente acordo é regular as condicións do traspaso da xestión do bono social térmico dende a Consellería de Política Social e Igualdade á Consellería de Economía e Industria.



Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar un acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente acordo é regular as condicións do traspaso da xestión do bono social térmico dende a Consellería de Política Social e Igualdade á Consellería de Economía e Industria.

SEGUNDA.- Transferencia de créditos.

A Consellería de Política Social e Igualdade transferirá á Consellería de Economía e Industria os créditos previstos para a xestión do bono social térmico 2023, en fase de tramitación, tanto no que se refire aos fondos destinados ás propias axudas como aos apoios persoais e materiais que se ían destinar a este fin. En concreto:

- 18.105.465,75 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 38.03.312A.480.6, para financiar o pagamento da axuda que lles corresponde ás persoas beneficiarias do bono social térmico 2023, de conformidade coa Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, de data 21 de setembro de 2023, pola que se autoriza a transferencia de crédito á Xunta de Galicia en concepto do Bono Social Térmico para o ano 2023 polo importe referido.

En canto aos fondos destinados as axudas nos seguintes exercicios a cantidade será a que veña establecida na respectiva Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía.

- 31.138,04 euros con cargo á aplicación orzamentaria 38.03.312A.120.25 e 11.436,82 euros con cargo á aplicación orzamentaria 38.03.312A.160.25, para financiar o custo do persoal funcionario interino contratado especificamente para reforzar a xestión do bono social térmico (3 persoas do grupo C2 e 1 do grupo A2) dende o 01/07/2024 ata o 30/09/2024.

Os custos correspondentes á nómina e á cota de Seguridade Social do persoal de reforzo contratado para a xestión do bono social térmico devengados no mes de xuño serán aboados pola Consellería de Política Social e Igualdade, con independencia de que o seu traballo se desenvolva baixo a dependencia funcional da Consellería de Economía e Industria dende a entrada en vigor do presente acordo.

O importe total anual destinado a financiar o custo deste persoal, dacordo cos datos correspondentes a 2024, ascende a 140.000 euros, importe que se consolidará nos orzamentos da Consellería de Economía e Industria nos orzamentos de 2025.



- 36.300,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 38.03.313C.228, para financiar a contratación de recursos de apoio, en concreto:
 - Contratación dunha central de chamadas ou “call-center” que canalice o elevado volume de contactos que se reciben o primeiro mes dende o envío das cartas.
 - Contratación dos servizos dunha imprenta para a preparación e ensobrado das cartas.

A Consellería de Economía e Industria subrogarase nos procedementos de contratación e contratacións realizadas pola Consellería de Política Social e Igualdade que non teñan rematada a súa vixencia.

O importe total anual destinado a financiar os recursos de apoio ascende a 36.300 euros, importe que se consolidará nos orzamentos da Consellería de Economía e Industria nos orzamentos de 2025.

TERCEIRA.- Compromiso de apoio no traspaso.

A Consellería de Política Social e Igualdade comprométese a facilitar toda a información que posúe en relación coa xestión da axuda en base á súa experiencia previa, e en concreto en relación coa xestión do bono social térmico 2023 a facilitar a documentación e información da que dispón en relación con dita axuda.

CUARTA.- Xestión das edicións anteriores do bono social térmico.

A xestión de todo tipo de trámites, consultas ou reclamacións que se deriven das edicións do bono social térmicos anteriores á de 2023 deberán ser atendidas polos departamentos que as tramitaron , e en concreto:

- No relativo ao bono social térmico 2019: o Ministerio de Transición Ecolóxica
- No relativo ao bono social térmico 2020: o INEGA
- No relativo ao bono social térmico 2021 e 2022: a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.

QUINTA.- Vixencia do acordo.

O presente acordo producirá efectos a partir da súa sinatura.

SEXTA.- Protección de datos.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais



que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do acordo serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

SÉTIMA.- Natureza xurídica.

O presente acordo atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 6.

Así mesmo non ten a condición de convenio conforme ao disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

En proba de conformidade co expresado no acordo, asínase polas partes comparecentes na data de sinatura dixital.

A secretaria Xeral Técnica da Conselleira de
Política Social e Igualdade

María Francisca Gómez Santos

O secretario Xeral Técnico da Conselleira de
Economía e Industria

José Ramón Pardo Cabarcos

